

INFORME DE INTERVENCIÓN

Número	27/2022
ASUNTO	INFORME DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2022
EXPEDIENTE	1641/2022

Margarita Fernández Sobrino , Interventora do Concello de Ames, examinou o Orzamento Xeral de 2021 formado polo Sr. Alcalde – Presidente e, en cumprimento do disposto no art. 168. 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , de 5 de marzo , polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no 18. 4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, emito o seguinte informe preceptivo:

1. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 2/2004 , de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Lei 7/1985 , de 2 de abril , Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 1091/1988 , de 23 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria (LXO)
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
- Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade.
- RD 1463/2007, de 2 novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria.
- Real Decreto 500/1990 , de 20 de abril , polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988 , de 28 de decembro , en materia orzamentaria (RD 500/1990)
- Real Decreto 2568/1986 , de 28 de novembro , de Regulamento de Organización , Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL)
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro , pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Artigos 5.1 e 232.1 da Lei 5/1997 , de 22 de xullo , sobre normas reguladoras da Administración Local de Galicia.
- RD 861/1986, de 25 de abril, polo que establece o réxime de retribucións dos funcionarios da administración local, modificado polo RD 158/1996, de 2 de febreiro, no relativo ó complemento de destino dos funcionarios de administración local.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

INFORME DE INTERVENCIÓN

- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, que modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012.
- Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

2. ANTECEDENTES

A Corporación tramita a aprobación do Orzamento correspondente ao exercicio 2022.

O RDL 2/2004 adica o seu Título VI, Capítulo I á regulación dos orzamentos das Entidades Locais. Así na Sección 1º (artigos 162 a 171) regula o contido e procedemento de aprobación dos orzamentos. Establece que as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral no que se integrará tanto o orzamento da propia entidade como o de os organismos autónomos dependentes da mesma.

De conformidade co establecido no artigo 168.4 do citado RDL 2/2004, *“sobre a base dos orzamentos e estados de previsión a que se refiren os apartados 1 e 2 anteriores , o presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitirao, informado pola intervención e cos anexos e documentación complementaria detallados no apartado 1 do artigo 166 e no presente articulo , ao Pleno da corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación , emenda ou devolución “.*

3. INFORME

Primeiro. Concepto e contido do orzamento xeral

Concepto : De conformidade co establecido no artigo 162 do TRLRFL, os orzamentos xerais das Entidades Locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus organismos Autónomos, e dos dereitos que se estimen liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións dos ingresos e gastos das Sociedades Mercantís de capital social íntegro pertencente á entidade local correspondente.

Contido: En base ao previsto no artigo 164 do TRLRFL , en concordancia co artigo 5 do RD 500/90, as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral no que se integrarán:

- a) O Orzamento da propia entidade.
- b) Os dos Organismos Autónomo dependentes da mesma.
- c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís de capital íntegro local.

En canto ó contido propiamente dito, a normativa establece (artigo 165 TRLRFL e 8, 9 do RD 500/90) que o Orzamento Xeral conterá para cada un dos orzamentos que o integran:

INFORME DE INTERVENCIÓN

1. Os estado de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.
2. Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
3. As bases de execución que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente de procedementos e solemnidades específicas distintas do preceptuado para o Orzamento.
4. Anexos: Ao Orzamento Xeral uníranse como anexos (artigos 166 TRLRFL e 12 do RD500/90):
 - Os plans e programas de inversión e financiamento que, para un prazo de catro anos, poderán formula-los municipios e demais entidades de ámbito supramunicipal.
 -
 - Os programas anuais de actuación, inversións e financiamento das Sociedades Mercantís de capital social total ou maioritario de titularidade da Entidade Local.
 - O estado de consolidación do orzamento da propia Entidade co de tódolos orzamentos e estados de previsión dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís.
 - O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ó inicio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ó longo do mesmo e do volume de endebedamento ó peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ó mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

Formación e documentación: Tendo en conta o previsto no artigo 168 do TRLRFL e , en concordancia co establecido no artigo 18 do RD500/90, o Orzamento da Entidade Local será formado polo seu Presidente e ao mesmo unírase, para a súa elevación ó Pleno, a seguinte documentación:

INFORME DE INTERVENCIÓN

LIBRO I.- DOCUMENTOS DO ORZAMENTO.

- Estados de Gasto e Ingreso, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidade.
- Bases de execución.

LIBRO II. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

- Memoria da Alcaldía.
- Informe económico - financeiro.
- Anexo de investimentos.
- Anexo de persoal.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo con información relativa aos convenios subscritos ca Comunidade Autónoma en materia de gasto social.
- Estado da débeda (estado de previsión de movementos e situación da débeda).
- Liquidación do exercicio 2019, e avance da correspondente aos exercicio 2019.

O Orzamento de cada un dos Organismos Autónomos integrantes do Xeral, proposto inicialmente polo órgano competente dos mesmos, será remitido á Entidade local da que dependan antes do 15 de setembro.

A estrutura orzamentaria dos estados de gastos e ingresos adoptada polo Orzamento obxecto deste informe, axústase ó disposto na OEO ditada en cumprimento do artigo 167 do TRLRFL.

O proxecto así conformado constitúe o estado sobre o que debe de recaer o acordo único do Pleno da Corporación, non sendo posible a aprobación separada de cada un deles, de acordo co establecido no 168.5 do TRLRFL.

Segundo. Procedemento de aprobación do Orzamento Xeral da Corporación.

O procedemento de aprobación do Orzamento Xeral da Corporación regúlase nos artigos 168 e seguintes do TRLRFL, así como nos artigos 18 e seguintes do RD500/90.

Neste senso , o procedemento pódese resumir do seguinte xeito:

Incoación : A incoación do expediente corresponde ao Presidente da Corporación. Así o Artigo 18.4 do RD 500/90 determina que, sobre a base do orzamentos e estados de previsión o Presidente da Entidade formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria antes do 15 de outubro para a súa a probación inicial, emenda ou devolución.

Aprobación inicial : En base ó previsto no artigo 18.5 do RD 500/90, o acordo de aprobación, que será único, terá que detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non

INFORME DE INTERVENCIÓN

podendo aprobarse ningún deles separadamente, salvo no caso dos correspondentes a organismos que se creen unha vez aprobado aquel. Esta aprobación inicial polo Pleno, require previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, xa que tal e como establece o artigo 123.1 do ROF, as Comisións Informativas, integradas exclusivamente polos membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación. Por outra banda, para a válida adopción do acordo requírese maioría simple dos membros da presente (art. 47.1 da LBRL).

Información pública : En canto á información pública, o artigo 20 do RD 500/90 determina que o acto de aprobación provisional do Orzamento Xeral, sinalando o lugar e data inicial do cómputo do prazo de exposición ó público, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e simultaneamente porase a disposición do público a correspondente documentación por un prazo de 15 días hábiles.

Reclamacións : Durante o prazo de exposición ó público, o orzamento poderá ser reclamado polas persoas interesadas previstas no artigo 22.1 do RD 500/90 e polos motivos previstos no apartado 2 do mesmo artigo.

Aprobación definitiva : O Orzamento considerarase definitivamente aprobado si durante o período de exposición pública non se presentaran reclamacións. No caso de que se formularan reclamacións, estas deberán de resolverse polo Pleno da Corporación no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á finalización do prazo de exposición ó público e as reclamacións consideraranse denegadas, en casqueira caso, de non resolverse o acto de aprobación definitiva.

A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno da Corporación realizarase antes do día 31 de decembro do ano anterior ao exercicio en que deba de aplicarse, non obstante, admítase a prórroga orzamentaria (artigo 21 do RD 500/90) no caso en que no se produza a aprobación no prazo indicado.

Publicidade : O Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, con ou sen modificacións sobre o inicial, publicarase, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez se dera cumprimento a tal requisito (art. 20.3 e 20.5 do RD 500/90).

Comunicación a outras Administracións Públicas : En base ó previsto no artigo 20.4 do RD 500/90, do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á correspondente Comunidade Autónoma e á Dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Terceiro.- Análise do contido do proxecto de orzamento do concello

A) PRINCIPIOS ORZAMENTARIOS

Nivelación e equilibrio: Sendo o montante do proxecto de orzamento para do Concello para o ano 2022 de **28.707.012,61** euros en ingresos e **28.707.012,61 euros** en gastos, o mesmo respecta formalmente a prohibición de déficit inicial esixida polo Art. 16.1 del RDP e o artigo 165.4 TRLFL.

Non afectación: O proxecto de orzamento cumpre, ademais, o principio de non afectación (artigo 10 RDP e artigo 165.2 TRLFL), definido como que os recursos destínanse a satisfacer o conxunto das obrigas, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fines determinados, que aparecen detallados no informe económico financeiro, especificando o gasto ao que se afectan. Polo tanto, címprense as afeccións, dende o seu dobre punto de vista, como se amosa coas seguintes fórmulas:

$$\text{INGRESOS CAP. 1 a 5} > \text{ó} = \text{GASTOS CAP. 1 a 4} + 9$$
$$26.329.522,74 > 24.757.773,77$$

$$\text{INGRESOS CAP. 6, 7 Y 9} < \text{ó} = \text{GASTOS CAP. 6 Y 7}$$
$$2.365.489,87 < 3.862.559,57$$

Así, os ingresos correntes non afectados son suficientes para financiar a totalidade do gasto corrente, afrontar as amortizacións dos préstamos en vigor, o importe restante que se destinan a completar o financiamento de investimentos con financiamento afectado e á realización de investimentos financiados na súa totalidade con fondos propios.

Orzamento bruto: Cumprise co principio de orzamento bruto, de modo que os gastos e os ingresos aparecen previstos polo seu importe total, non polo neto.

Estabilidade orzamentaria: Respecto ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, emítase por esta intervención informe específico e separado.

Regra de gasto: De acordo co artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, a variación do gasto computable non poderá superar a taxa de referencia de crecemento da economía española (3,2% para o exercicio 2022), emítase por esta intervención informe específico e separado, sen prexuízo da suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022.

Sostenibilidade financeira: Regúlase no artigo 4 da LOEOSF, e enténdese como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública.

O concello de Ames durante incumpriu co período medio de pago, o incumprimento non se debe a necesidades de tesourería se non a falta de persoal no departamento económico, polo que podería producirse un incumprimento do principio indicado non tanto pola falta de liquidez se

INFORME DE INTERVENCIÓN

non pola falta de medios que axilicen a tramitación do procedementos.

En canto o límite de débeda o Concello de Ames cumpriría coa límite máximo porcentual (do 75% e do 110%) do volume de endebedamento sobre os recursos correntes orzamentados.

Un dos indicadores para determinar a posibilidade de endebedamento é o Aforro neto calculado tal e como establece o artigo 53.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo.

VOLUME DE DÉBEDA VIVA (*)	Capital pendente ao remate do exercicio
(+) Ingresos correntes previstos 1 a 5	26.329.522,74
(-) Ingresos correntes afectados o extraordinarios	880.294,00
TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR:	25.449.228,74
VOLUME DE DÉBEDA VIVA 01/01/2022	3.183.325,50
Préstamos a longo prazo bancarios (1)	942.487,58
Préstamos Provinciais	2.240.837,92
Débeda con el FFPP	0,00
Risco por operacións avaladas	0,00
OPERACIÓNS PROXECTADAS BANCARIAS (2)	303.143,00
PRÉSTAMO PROVINCIAL POS +2022	33.800,65
DÉBEDA VIVA MÁIS OPERACIÓN PROXECTADA	3.520.269,15
% sobre os ingresos correntes	0,1383
DÉBEDA FINANCEIRA A FECTOS DE AUTORIZACION (1+2)	1.245.630,58
% sobre os ingresos correntes	0,0489
A entidade cumpre o límite de débeda.	
3.- AFORRO NETO	2022
A.- Previsións inciais por operacións correntes	27.209.816,74
<i>Impostos directos</i>	8.530.567,95
<i>Impostos indirectos</i>	880.294,00
<i>Taxas e outros ingresos</i>	6.635.650,95
<i>Transferencias correntes</i>	10.208.009,84
<i>Ingresos patrimoniais</i>	75.000,00
Axuste ingresos non recurrentes	880.294,00
	2022
B.- Gastos estimados correntes.	24.727.773,77
<i>Gastos de persoal</i>	9.868.919,26
<i>Gastos en bens correntes e servicios</i>	13.468.346,47
<i>Transferencias correntes</i>	1.390.508,04
<i>Aforro bruto (A-B)</i>	2.482.042,97
Anualidade teórica de amortización (ATA)	312.036,94
Aforro neto	2.170.006,03
A entidade cumpre co aforro neto	

Axuste ICIO licenzas non recurrentes

Cálculo ATA: Considerando o importe e duración (máis carencias) da operación ao momento do seu inicio (GUÍA PARA LA TRAMITACIÓN Y RESOLUCIÓN DE LOS EXPEDIENTES DE SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE ENDEUDAMIENTO COMPETENCIA DE LA DIRECCIÓN GENERAL DE COORDINACIÓN FINANCIERA CON LAS ENTIDADES LOCALES).

A anualidade teórica de amortización comprensiva dos intereses e cota de amortización obtérase da suma alxébrica das anualidades teóricas de cada un dos préstamos concertados e avalados a longo prazo pendentes de reembolso, estean ou non dispostos, incluída a operación ou operacións proxectadas e excluídas as operacións de crédito garantidas con hipoteca sobre bens inmoables, en proporción á parte de préstamo afectado pola devandita garantía, calculada en termos constantes, aplicando a seguinte fórmula:

$$A = (C \times i) / (1 - (1 + i)^{-n}); \text{ sendo,}$$

A = Anualidade Teórica.

INFORME DE INTERVENCIÓN

C = Capital inicial ou principal, áchese o non disposto á data na que se efectúa o cálculo, debendo constar esta en o expediente.
i = Taxa anual equivalente (TAE) que inclúa o custo financeiro total intereses e comisións asociados á operación, expresado en tanto por un.
n = Duración total do préstamo, incluídos, no seu caso, os anos de carencia

	CAPITAL	Nº DE AÑOS (incluída carencia)	T.A.E. EN TANTO POR CIENTO	A.T.A. del préstamo	
Operación 2018-Inversiones DUSI Impulsa-Ames	222.895,50	11	0,57	20.962,79	Terminos amortizativos constantes trimestrais (euribor tres mesese diferencial 0,57). Un ano de carencia . Suración 10+1 de carencia
Operación 2019-Inversiones DUSI Impulsa-Ames 2019	312.127,29	12	0,41	26.708,99	Terminos amortizativos constantes trimestrais (tipo fixo 0,41), Dous anos de carencia
Operación 2020-Inversiones DUSI Impulsa-Ames 2020	252.200,00	12	0,75	22.055,26	Terminos amortizativos constantes trimestrais (euribor trimestral +0,75). Dous anos de carencia
Operación 2021-Inversiones DUSI Impulsa-Ames 2021	316.612,10	12	0,64	27.494,77	Términos amortizativos contantes trimestrales (euribor trimestral +0,64). Dous anos de carencia
Novas operación proxectadas 2022	303.143,00	12	0	25.261,92	
PAI 2015	294.044,87	12	0	24.503,74	
PAI2016	371.455,80	12	0	30.954,65	
POS+ 2017 (Préstamo provincial)	322.264,49	12	0	26.855,37	
POS+ 2018 (Préstamo provincial)	378.862,31	12	0	31.571,86	
POS+ 2019 (Préstamo provincial)	389.415,09	12	0	32.451,26	
POS+ 2020 (Préstamo provincial)	364.467,13	12	0	30.372,26	
POS + 2021	120.328,23	12	0	10.027,35	
POS + 2022	33.800,65	12	0	2.816,72	
	3.681.616,46			312.036,94	

O euribor trimestral a data deste informe é negativo por un criterio de prudencia aplicase euribor trimestral 0,00

B) ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

A estrutura orzamentaria adoptada polo proxecto de orzamento obxecto deste informe axústase á Orde do Ministerio de Facenda e Administración Públicas,ORDE HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a ORDE EHA/3565/2008, de 3 de decembro, ditada en cumprimento do disposto no Art. 167 do TRLFL.

Faise uso do carácter aberto de dita estrutura, desagregando algúns conceptos, sen que proceda obxección algunha aos criterios utilizados.

INFORME DE INTERVENCIÓN

C) GASTOS DE PERSOAL

1. Análise do Capítulo I da clasificación económica de gastos e do Capítulo V.

-Persoal funcionario e laboral

Do análise dos datos extráese que o Capítulo I da clasificación económica, "*Gastos de Persoal*", cífrase no proxecto de orzamento en 9.868.919,26 euros representando o 34,38% do total de gastos, e o 37,48% dos ingresos derivados da actividade ordinaria do concello (ingresos correntes excluídos os afectados a investimentos).

O detalle do capítulo I está recollido no Anexo de Persoal e na Memoria de Alcaldía, e corresponde coas retribucións que lle corresponderá percibir o persoal de acordo coas valoracións resultantes da Relación de Postos de Traballo do Concello aprobada polo Pleno do Concello, tendo en conta, os incrementos retributivos fixados pola Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

Neste exercicio recolle o incremento do CE acordado para a Policía Local polo Pleno 25 de abril de 2019. O acordo consistía en restablecer as retribucións minoradas ao persoal da policía local con ocasión da reclasificación profesional realizada ao abeiro da Lei de coordinación de policía locais do ano 2007, baseada en dous motivos: Por un lado, a minoración respondeu a un criterio de oportunidade e non a unha obriga legal polo que non sería necesario acudir a un expediente de revogación nin ningún outro tipo de procedemento de revisión de actos previos resultando suficiente a adopción de un novo acordo por parte de pleno no exercicio das súas competencias (fixación das retribucións complementarias do persoal funcionario), por outra banda en que o RDL 24/2018 introduce no seu artigo 23 a posibilidade de que as administracións públicas e o resto das entidades que integran o sector público restablezan as retribucións minoradas en contías non previstas nas normas básicas do Estado.

O restablecemento supoñía incrementos que se repartían en tres anos que comezaría no 2019 e remataría en 2021, tras aprobación polo pleno, e a razón de unha recuperación porcentual mínima (agás mellora posible e previamente acordada pola mesa xeral) do 34%, 33% e 33%, respectivamente.

Respecto a este restablecemento pola intervención emitíuse no que se facía constar que non tiña cobertura legal o restablecemento plantexado e, polo tanto, os incrementos propostos terían a condición de incrementos retributivos o que suporía incumprir o límite máximo de incremento previsto no RDL 24/2018 para este exercicio 2019, ao ter aplicado o Concello de Ames o importe máximo de retribucións fixadas para o exercicio mediante decreto da Alcaldía 201/2019 do 25 de xaneiro, previamente acordado na Mesa Xeral de Negociación en sesión do 25 de xaneiro de 2019.

Así mesmo nos informe mensuais que acompañan as nóminas por esta intervención vense a

INFORME DE INTERVENCIÓN

poñer de manifesto que o acordo do incremento do CE da policía local sen valoración previa baseado en que o acordo de reclasificación non modificou a RPT e que o incremento supón volver ao CE minorado sen que sexa necesaria nova valoración, o que realmente pon de manifesto, é un incremento de CE sen que se xustifique o cambio nas funcións da policía local, seguindo un procedemento que non é o establecido na normativa aplicable(simple acordo plenario sen modificación da RPT que implicaría exposición pública do acordo). Polo que a xuízo da intervención o acordo carece de fundamento e implica un incremento das retribucións da policía local neste caso, sen seguir o procedemento establecido(valoración de postos e modificación da RPT).

Polo tanto os incrementos previstos no capítulo I e nos cadros de persoal responden en termos de homoxeneidade ao incremento do 2% previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, salvo no que se refire ao incremento dos importes das horas extras, gratificacións e horas complementarias que superan amplamente o límite indicado.

	Orzamento 2021	Orzamento 2022	Diferenzas
H.E. Persoal laboral	18.860,00	39.000,00	20.140,00
Gratificación	49.200,00	175.000,00	125.800,00
Horas Complementarias	5.259,48	11.000,00	5.740,52
Totais	73.319,48	225.000,00	151.680,52

Gastos de persoal	Importe 2021	Importe 2022	DIFERENCIA	DIFERENCIA %
Anexo de funcionarios	2.416.546,46	2.531.647,70	115.101,24	0,05
Anexo de funcionarios por programas	196.568,72	342.762,72	146.194,00	0,74
Anexo persoal laboral fixo	3.480.443,23	3.421.071,28	-59.371,95	-0,02
Anexo persoal laboral temporal	48.429,44	132.272,94	83.843,50	1,73
Anexo persoal eventual	140.095,34	142.897,23	2.801,89	0,02
Anexo órganos de Goberno	400.443,50	408.452,56	8.009,06	0,02
Becarios	1.250,00	1.250,00	0	0
Substitucións de persoal	50.000,00	50.000,00	0	0
Compensación Policía festivos e nocturnos	135.000,00	135.000,00	0	0
H.E. Persoal laboral	18.860,00	39.000,00	20.140,00	1,07
Gratificacións	49.200,00	175.000,00	125.800,00	2,56
Horas Complementarias	5.259,48	11.000,00	5.740,52	1,09
Seguros	6.300,00	6.370,00	70	0,01
Fondo de Acción Social	60.000,00	60.000,00	0	0

INFORME DE INTERVENCIÓN

Gastos de persoal	Importe 2021	Importe 2022	DIFERENCIA	DIFERENZA %
Seguridade Social *	2.247.593,99	2.352.194,83	104.600,84	0,05

Así mesmo esta intervención advirte que no que se refire as cantidades consignadas para adecuacións retributivas singulares, serán examinadas no seu momento xa que para que non supoñan incrementos retributivos superiores aos previstos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e sexan contrarios a natureza que lles outorga o regulamento citado.

Consignase crédito para o complemento denominado nocturnidade e festividade que como xa se advirte mensualmente nos informes das nóminas non responden a ningún complemento que teña cobertura legal, se non que mais ben debería integrarse no complemento específico dos postos afectados previa valoración conforme a RPT.

Cabe poñer de manifesto a necesidade do proceso de estabilización do persoal que deberá adecuarse ao previsto Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para la reducción de la temporalidade en el emprego público.

A masa salarial para o 2022 será a seguinte:

Clasificación económica	Concepto	Importe
	120 Retribución básicas	1.310.435,70
	12100 Complemento destino	669.774,44
	12101 Complemento específico	890.782,00
	130 Retribucións persoal fixo	3.471.071,28
	131 Retribucións persoal laboral temporal	182.272,94
	150 Productividade	0,00
	151 Gratificacións	175.000,00
	13001 Horas extras	50.000,00
	162 Prestacións sociais	60.000,00
	12103 Outros complementos	138382,40
	Masa Salarial Total	6.947.718,76

O artigo 7 do RD 861/86 (RFAL) establece límites á contía global dos complementos específicos, de produtividade e gratificacións dos funcionarios:

1." Os créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade, gratificacións e, no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída a referida ao persoal laboral, a suma das cantidades que ao persoal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.

INFORME DE INTERVENCIÓN

2. A cantidade que resulte, conforme ao disposto no número anterior, destinarase:

- Ata un máximo do 75% para complemento específico, en calquera das súas modalidades, incluíndo o de penosidade ou perigosidade para a policía municipal e servizo de extinción de incendios.
- Ata un máximo do 30% para complemento de produtividade.
- Ata un máximo do 10% para gratificacións”.

LÍMITE RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS FUNCIONARIOS

Clasificación económica	Concepto	Importe
120	Retribución básicas (soldo+trienios)	1.310.435,70
12100	Complemento destino	669.774,44
12101	Complemento específico	890.782,00
150	Productividade	0,00
151	Gratificacións	175.000,00
	Base de cálculo	3.045.992,14
	(-)120 Retribucións Básicas	-1.310.435,70
	(-)12100 Complemento de Destino	-669.774,44
	Base cálculo masa retributiva funcionarios	1.065.782,00

	Orzamentado	Límite	
C. específico	890.782,00 €	75,00%	799.336,50 €
Productividade	0,00 €	30,00%	267.234,60 €
Gratificacións	175.000,00 €	10,00%	89.078,20 €

Non cumpre cos límites en canto ao complemento específico e as gratificacións.

Este exceso no complemento específico trae causa da vixente Relación de Postos de Traballo e

INFORME DE INTERVENCIÓN

do sistema de valoración xa que no momento da aprobación non se tiveron en conta os límites establecidos.

-Cargos electivos

Con respecto as retribucións dos cargos electivos recóllense no anexo de persoal e tamén aparece reflexado nas consignacións orzamentarias que figuran no proxecto de orzamentos para o 2022. As retribucións dos altos cargos previstas para 2022 derivan do acordo plenario de data de 2 de xullo de 2019 onde se estableceu o novo réxime de dedicacións. Para o exercicio 2022 as retribucións increméntanse na mesma proporción que a recollida na Lei de Orzamentos Xerais do para 2022, é dicir nun 2%.

No caso en que se proceda á modificación destes acordos, será obrigatorio dar publicidade ós mesmos no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da corporación. En canto ao acordo, recollido nas bases de execución do proxecto de orzamento, polo que se establecen as retribucións dos membros da corporación, debe publicarse segundo o previsto no Art. 75.4 da LRBR.

2.- Análise da cadro de persoal.

Xunto co orzamento propónse a aprobación da cadro de persoal, que comprende todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. O cadro proposta deberá publicarse no BOP (Art. 127 do TRLRL).

3.- Fondo de continxencia.

Non se dota para este exercicio ao non ter carácter obrigatorio.

D) Gastos Correntes.

Da Memoria de Alcaldía e do Informe económico-financieiro dedúcese que está garantida a cobertura do mantemento dos servizos municipais e dos gastos obrigatorios. Así mesmo, esta intervención comprobou que se dotaron suficientemente os créditos que amparan compromisos de gastos xa contraídos. Así, recórdase a conveniencia de acudir sempre con carácter previo ao departamento de servizos económicos para a comprobación da existencia de crédito, para os gastos denominados “menores”, recomendando unha maior planificación do gasto.

O Informe económico-financieiro e a Memoria de Alcaldía recollen a declaración da suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles, os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

E) Pasivos Financeiros

INFORME DE INTERVENCIÓN

Respecto á carga financeira das operacións de préstamo vixentes ata este momento, compróbase a consignación adecuada, nos capítulos 3 e 9 do estado de gastos, dos créditos necesarios para o pago dos intereses e da amortización derivados de ditas operacións. Os criterios utilizados para o cálculo desas cantidades aparecen detallados no Estado da débeda, axústanse aos contratos de préstamo firmados polo concello.

F) Transferencias correntes e de capital.

O capítulo 4 inclúe os gastos destinados a transferencias correntes a institucións, empresas, asociacións e emerxencias sociais. É necesario poñer de manifesto que, cando se leve a cabo a execución dos créditos destes capítulos e, polo tanto, a asignación efectiva dos fondos deles derivados, esta execución deberá axustarse ao previsto nas Bases de Execución do Orzamento.

G) Investimentos reais

Os investimentos previstos no capítulo 6 do estado de gastos acadan o importe de 3.852.346,11 euros. O capítulo 7 do estado de ingresos non contempla 5.000 euros para unha subvención nominativa da Agrupación de Protección Civil de Ames e 5.213,46 euros como achega Agrupación Concellos para actuacións ruta Rosaliana.

H) Ingresos.

Os ingresos totais previstos ascenden a **28.707.012,61** euros, estando explicadas e xustificadas as previsións dos diferentes conceptos no informe económico financeiro que forma parte do proxecto de orzamento en estudio.

Polo que respecta á clasificación dos ingresos, os ingresos correntes representan o 91,72 % do total. Nos mesmos, destaca a importancia dos ingresos procedentes dos impostos directos e das transferencias correntes, que supoñen o 32,40 % e un 29,72 % respectivamente do total do orzamento. Neste capítulo consígnanse previsións de ingreso de transferencias que se veñen concedendo con continuidade todos os anos e aquelas outras para as que xa existe un compromiso de ingreso. Debe advertirse que no caso de incumprimento destas previsións non se conseguiría unha efectiva nivelación orzamentaria e só formalmente se aprobaría o orzamento sen déficit inicial.

Así mesmo neste exercicio increméntase significativamente o importe dos impostos indirectos (ICIO). Consta informe no expediente da arquitecta municipal sobre as previsións consignadas. Cabe poñer de manifesto que se trata dun recurso que non se repite no tempo, polo que de forma prudente debería destinarse a gasto que non tivesen carácter estrutural xa que non se repetiría o indicado recurso no exercicio 2022.

Así mesmo neste exercicio optase por unha operación de endebedamento de 303.143,00 euros para investimentos varios. Si ben o nivel de endebedamento se sitúa por debaixo dos límites

INFORME DE INTERVENCIÓN

fixados na normativa aplicable, debe recordarse que acudir ao endebedamento supón comprometer gastos para exercicios futuros en canto a amortización da débeda.

ANÁLISE DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

As Bases de Execución do Orzamento aparecen reguladas, como contido do orzamento xeral, no artigo 165 do TRLFL, que dispón que as mesmas conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convintes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que se poida modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiren legalmente dos procedementos e solemnidades específicas distintas dos preceptuados para o orzamento.

O proxecto de orzamento para 2022 contén, no que respecta ás Bases de Execución, unha ampla normativa encamiñada a regular os aspectos internos da xestión económico-financeira, desenvolvendo as disposicións regulamentarias sobre a materia.

As Bases de Execución axústanse á legalidade vixente na materia e permiten a adecuación dos procedementos económico-financeiros ás disposicións en materia orzamentaria, tributaria e contable.

INDEMNIZACIÓNS MEMBROS DA CORPORACIÓN

No referente ás contías das indemnizacións, segundo o artigo 75.4 da LRBRL os membros electivos poden percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no desenvolvemento dos seus cargos segundo as regras de aplicación xeral nas administracións públicas e as que no seu desenvolvemento fixe o pleno. Esta referencia ás regras de xeral aplicación nas administracións públicas ven a remitirnos ó Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Esta Intervención considera que posto que o artigo 75.4 da LRBRL fai unha remisión as normas de xeral aplicación nas administracións públicas, son estas as que deberían de ser aplicadas. Debe de destacarse que a norma permite solo o desenvolvemento polo Pleno das normas de xeral aplicación, pero non a súa alteración ou modificación.

CONCLUSIÓNS

De acordo co anteriormente exposto, conclúese que:

1. O Proxecto de Orzamento Xeral para 2022 elaborouse observando as prescricións legais aplicables, e contén as previsións razoables para atender as obrigas esixibles,

INFORME DE INTERVENCIÓN

presentando unha previsión de parte dos seus gastos si atendemos a execución dos últimos tres exercicios que previisblemente non se execute, especialmente no capítulo de investimentos reais, o que sen dubida facilitará o cumprimento de principios como a estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

2. As Bases de Execución que acompañan ao proxecto orzamentario conteñen as disposicións necesarias para unha adecuada xestión do mesmo. Así mesmo, os restantes anexos e informes que acompañan o Proxecto de Orzamento reúnen os requisitos previstos na normativa, coa excepción do Anexo de Investimentos, posto que no estado de gastos inclúense partidas para investimentos xenéricos que non se concretan en proxectos detallados no Anexo de Investimentos, de modo que o mesmo non inclúe toda a información prevista no artigo 168 do R.D. Legislativo 2/2004 e no artigo 19 do R. D. 500/1990.
3. A Estrutura orzamentaria dos estados de gastos e ingresos adoptada polo proxecto de Orzamentos obxecto deste informe, axustase ao disposto na Orde HAP/419/2013, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008 sobre estrutura Orzamentaria de 3 de decembro de 2008, ditada en cumprimento do artigo 167 do RDL 2/2004.

Tendo en conta que o orzamento que agora se informa se vai executar, esta intervención considera necesario manter as seguintes recomendacións de cara á xestión ordinaria do mesmo:

- Control do gasto, seleccionando e dando prioridade aqueles gastos que se estimen absolutamente necesarios, para poder manter unha adecuada xestión dos servizos públicos, e sempre con fiscalización previa que asegure a existencia de crédito para afrontalo.
- Comprobar a produtividade, rendibilidade e sustentabilidade económica no tempo, á hora de decidir os investimentos a realizar, optando por aqueles nos que se dean as tres características sinaladas.
- Potenciación da recadación municipal, coa finalidade de que os dereitos recoñecidos coincidan efectivamente coa recadación real.

É todo canto procede informar en relación co Proxecto de Orzamento para 2022.

A interventora

Margarita Fernández Sobrino